



O GALEGO JOSÉ SANMARTÍN, COA POINTER “JA DA CHOUSA” PROCLAMOUSE CAMPIÓN DO MUNDO DE “SAN HUBERTO” POR EQUIPOS

O cazador ferrolán, actual subcampeón de España, José Sanmartín, con “Ja da Chousa”, ven de confirma-la boa campaña deportiva que está a facer esta tempada, ao proclamarse campión por equipos no Campionato do Mundo de Caza San Huberto, celebrado na localidade italiana de Pievesanto-Estéfano (Arezzo), entre os días 7 e 9 de outubro.

Sanmartín formaba parte da Selección Española da modalidade, xunto co vasco, Antonio Isaac Sánchez, que acadaba ademais a medalla de prata en individual, clasificación na que se proclamaba vencedor o portugués Xurxo Piçara.

O cazador galego participaba coa cadela pointer “Ja”, saída da “Escola da Chousa”, de Betanzos, que forma outro ex campión mundial da mesma disciplina, Jorge Martín, e coa que tamén acadou outro título de campiona mundial a viguesa Mari Carmen Iglesias. Unha cadela con gran afición que está a atravesar un gran momento de forma.

Pepe Sanmartín, que foi terceiro na súa batería e quinto na xeral, realizou un regular percorrido, recoñecendo el mesmo que non tivera un bo día de caza, pois no escenario competitivo había outras especies que non eran precisamente sobre as que se disputaba a competición e que prexudicaron enormemente o traballo da súa cadela, como foi o caso dun corzo que lle saíu ao coruñés nada máis comeza-lo exercicio. A pesares destas dificultades os xuíces outorgáronlle a puntuación suficiente como para meterse nese meritorio quinto posto, que se ben non satisface plenamente as aspiración deportivas do ferrolán non deixa de ser importantísimo, habida conta de que este foi o ano do seu debut como deportista de San Huberto tanto a nivel nacional como internacional, supónlle facerse con ese importante galardón a nivel mundial que moitos ansían e poucos logran. Felicidades.



José Sanmartín, ca súa filla Cristina Sanmartín, no último Campionato de España de San Huberto disputado en Xinzo de Limia

